

Resolución do 3 de novembro de 2025, pola que se adxudica unha bolsa de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, convocada por Resolución do 30 de decembro de 2024.

Mediante Resolución do 30 de decembro 2024 (DOG Núm. 13, do 21 de xaneiro de 2025), establecéronse as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2025.

En virtude do artigo 18 de ditas bases reguladoras, o 9 de abril de 2025 o director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia ditou unha resolución pola que se concedía, entre outras, unha bolsa de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos a Elisa Muñiz Castaño na oficina de Santiago de Compostela .

Con data 10/04/2025 e posta a disposición da beneficiara con número de rexistro de saída S662090/RX 760337 notificación pola que se lle comunica a resolución de concesión de dita bolsa. En dita notificación dáselle un prazo de 5 días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da súa recepción, para que proceda á aceptación da bolsa ou a renuncia expresa da mesma. Con data 21/04/2025 e unha vez transcorridos 10 días naturais dende a súa posta a disposición, dita notificación non é recepcionada, polo que en base ao artigo 43 la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedimientto administrativo común das administracións públicas, prodúcese a renuncia tácita a dita bolsa. Con data 29/04/2025 o director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia resolve dita renuncia tácita.

De acordo co establecido no artigo 20.3 da das bases reguladoras (contidas na Resolución do 30 de decembro 2024, DOG Núm. 13, do 21 de xaneiro de 2025, pola que se establecen bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025) en caso de que a persoa beneficiaria da bolsa renuncie á mesma, poderá ser substituída pola persoa que figure na lista de reserva, en función do orde de prelación.

No anexo II da Resolución do 9 de abril de 2025, pola que se concedían ditas as bolsas de formación, relaciónanse as persoas suplentes por orde de prelación por oficina . Así para a oficina de Santiago de Compostela aparece como primeira e única suplente María Janet López Álvarez. Por elo e en virtude do artigo 18 de ditas bases reguladoras, o 8 de maio de 2025 o director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia ditou unha resolución pola que se concedía unha bolsa de formación en materia de



dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos a María Janet López Álvarez na oficina de Santiago de Compostela.

En virtude do artigo 20 das bases da convocatoria, con data 30 de setembro de 2025, a beneficiaria María Janet López Álvarez, na súa condición de adxudicataria dunha bolsa de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos na oficina de Santiago de Compostela, presenta notificación da súa renuncia á bolsa con data de último día de desfrute da bolsa o día 3 de outubro de 2025.

Con data 07/10/25 o órgano instructor, o Servizo de información, cooperación e fomento do Instituto Galego do Consumo e da Competencia fai a proposta de resolución de dita renuncia que eleva á Intervención deste organismo, fiscalizándose e contabilizándose con data 24/10/2025.

O artigo 20.4 das bases reguladoras das bolsas establece que, co fin de que todas as bolsas da convocatoria sexan cubertas e os solicitantes admitidos sen bolsa poidan acceder ás mesmas, soamente no caso de que algunha das bolsas dunha oficina quede vacante, xa sexa por falta de solicitudes recibidas ou quede sen suplentes por calquera renuncia que se produza dos beneficiarios na adxudicación das bolsas ou posteriormente unha vez adxudicadas, o órgano instructor do procedemento ofrecerá dita vacante, por orde de puntuación, á persoa que lle corresponda da lista xeral de reservas por orde de puntuación elaborada pola Comisión de Valoración. Unha vez aceptada polo solicitante iniciárase o procedemento de resolución da bolsa.

O anexo III da resolución do 9 de abril de 2025, do Director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, polo que se conceden as bolsas, establece a lista de reserva xeral, por orde de puntuación, no caso de que algunha oficina quede vacante por falta de suplentes en dita oficina, correspondendolle o ofrecemento de dita vacante na oficina de Santiago de Compostela a Celia Pereira Castro.

Visto o anterior, e dado que por mor da renuncia da beneficiaria María Janet López Álvarez, dita bolsa queda vacante na oficina de Santiago de Compostela e non habendo suplentes para a mesa, con data 28/10/2025 o órgano instructor do procedemento notifícaselle a Celia Pereira Castro, a aspirante que correspondería por orde de puntuación, o ofrecemento de dita bolsa vacante na oficina de Santiago de Compostela, dándoselle un prazo de cinco días hábiles para comunicar a súa aceptación ou rexeitamento.

Con data 28/10/2025, e dentro de prazo legalmente establecido, a aspirante Celia Pereira Castro



acepta dito ofrecemento para ser beneficiario dunha bolsa vacante na oficina de Santiago de Compostela.

En base ao anterior, con data 29/10/2025 órgano encargado da instrución do procedemento, o Servizo de Información, Cooperación e Fomento do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, formula a proposta de resolución de adxudicación de dita bolsa a favor de Celia Pereira Castro que eleva aos órganos de fiscalización sendo contabilizado con data 3/11/2025.

A persoa proposta como beneficiaria cumpre todos os requisitos necesarios para acceder á bolsa.

Visto o anterior, e de conformidade co establecido nas bases reguladoras,

RESOLVO:

Primeiro – Concederlle, por renuncia da persoa beneficiaria e ausencia de suplentes, unha bolsa de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos a persoa que figura na lista de reserva xeral, por orde de puntuación, no caso de que algunha oficina quede vacante por falta de suplentes en oficinas para a oficina de Santiago de Compostela, a Celia Pereira Castro.

A bolsa estará dotada con un importe de 1.100 euros brutos por mes.

Segundo - Dispoñer a expedición dos correspondentes documentos contables con cargo ás partidas orzamentarias 14.80.613A.480.2, "Bolsas de formación en materia de protección das persoas consumidoras" e 14.80.613A.484.0, "cotas Seguridade Social bolseiros" dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2025, e que se destinarán ao pagamento da persoa bolseira e das costas da Seguridade Social.

A contía da bolsa calcúlase desde a data de incorporación da persoa beneficiaria e ata o 31 de decembro de 2025.

Terceiro - A persoa beneficiaria deberán comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación da resolución do procedemento.

Despois de transcorrer o dito prazo, se a persoa beneficiaria non se declarase en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

No caso de que algunha das persoas beneficiarias non acepte a bolsa, non poida incorporarse por calquera outro motivo ou renuncie á bolsa, poderá ser substituída polas persoas que figuran na lista de reserva en función da orde de prelación ou na lista de reserva xeral por orde de puntuación no caso de vacante por non existir persoas de reserva.



Cuarto - A persoa beneficiaria da bolsa terá as obrigas establecidas no artigo 23 das bases reguladoras, “Obrigas da persoa beneficiaria”.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso -administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas

En Santiago de Compostela

O director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

